



# AVISO

O CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR COMUNICA QUE O MINISTERIO DE SANIDADE ESTABLECE NOVAS MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN RELACIÓN COS VELATORIOS E CERIMONIAS FUNEBRES PARA LIMITAR A PROPAGACIÓN E O CONTAXIO POLO COVID-19.

Orden SND/298/2020 (BOE nº 88, 30/03/2020)

**PROHÍBENSE TODOS OS VELATORIOS**, tanto en establecementos públicos, privados como no domicilio particular e **con independencia de cal sexa a causa do falecemento**.

Aprazaranse as cerimonias de culto relixiosas ou cerimonias civís fúnebres.

As **comitivas de acompañamento para o enterramento ou despedida de incineración** restrinxiranse a un **máximo de 3** achegados ou familiares **máis próximos** ademais da persoa encargada da práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

En todo caso se deberá respectar **a distancia de 2 metros**, e evitaranse saúdos ou manifestacións afectuosas que impliquen contacto entre os participantes.

Estas medidas serán de aplicación durante a vixencia do estado de alarma e as prórroga do mesmo.

**Nestes momentos de especial dor para as familias afectadas, soamente lles podo agradecer a súa colaboración no cumprimento de normas tan extraordinarias e difíciles, pola seguridade de todas as nosas familias.**

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Luís Menor Pérez

---

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

